

# #fotolingua

## Bases para o #SorteoPasatempo

O #SorteoPasatempo é unha actividade da campaña #Fotolingua 2020, que organiza o Departamento de Lingua do Concello de Santiago de Compostela para incentivar a participación no concurso e apoiar o uso do galego nos establecementos comerciais composteláns.

Para participar nesta actividade é preciso:

1. Resolver correctamente a sopa de letras incluída nos folletos do #Fotolingua 2020 que se distribúen en establecementos da cidade e que tamén se poden descargar das redes sociais de #Fotolingua.
2. Enviar por mensaxe privada ao Facebook do proxecto unha fotografía da sopa de letras solucionada coas etiquetas #Fotolingua e #OgalegoVende. A imaxe debe ter calidade abonda para comprobar que a sopa de letras está resolta correctamente.

As persoas que realicen os pasos anteriores antes do día 20 de xullo de 2020 entrarán nun sorteo cuxo premio consistente nun bono de 100 euros para gastar nos establecementos colaboradores coa edición 2020 de Fotolingua. A entrega do premio non se realizará en metálico.

O sorteo realizarase o día 20 de xullo de 2020 e consistirá na selección dunha persoa gañadora de forma aleatoria entre as que enviaron correctamente a solución utilizando unha plataforma en liña<sup>1</sup>. Ese mesmo día anunciarase nas redes de Fotolingua a persoa gañadora, xunto coa solución da sopa de letras e enviaránselle as instrucións para facer efectivo o premio.

<sup>1</sup>Proposta de ferramenta: <https://app-sorteos.com/pt/apps/sorteio-de-nomes>